

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 26/11/2020 13:30:46

SAIDA

14861/20



Reclamante: [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 103/2020**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 28 de Setembro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 24 de novembro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 28 de Setembro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de copia da Resolución do 22 de marzo de 2005 da Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia incluída na acta do pleno do Concello de Ribadavia do 4 de abril de 2005, en relación ao expediente incoado a [REDACTED] así como todas as actuacións realizadas por ese Concello para dar cumprimento ao establecido na devandita resolución

O reclamante indicaba que non obtivo resposta á súa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 13 de outubro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Ribadavia para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 19 de outubro de 2020 o ao Concello de Ribadavia contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

O Concello informa que con data do 14 de outubro remitiu información ao solicitante na que lle comunica que o pleno do concello de Ribadavia non celebrou sesión plenaria con data de 4 de abril de 2005, e que no pleno ordinario de abril de 2005 non hai ningún punto tratado relativo ao que se solicita.

Cuarto. Con data do 23 de outubro de 2020, o interesado remite escrito no que comunica que recibiu resolución do Concello de Ribadavia de data 14 de outubro de 2020, coa que non esta conforme, dado que a resolución non menciona os recursos que se poden interpoñer contra a mesma.

Respecto do fondo do asunto, na resolución menciónase que non se tratou na sesión ordinaria do Concello, o punto sobre o que se solicita a información requirida, e remite acta da citada sesión na que no seu apartado 4 recóllese no apartado de escritos oficiais, "da Dirección Xeral de Urbanismo, Resolución de data 22 de marzo de 2005, pola que se declara ilegalizable a nave industrial promovida por [REDACTED] na estrada comarcal de San Cristovo de Regodeigón a Carballeda de Avia, por ser incompatible co ordenamento urbanístico vixente e se ordena a súa demolición e a reposición dos terreos afectados ao estado anterior ou inicio das obras."

O interesado solicita que se inste ao Concello de Ribadavia, a darlle traslado da información solicitada o 19 de agosto de 2020.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública,

poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.



Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que segundo consta no expediente remitido, ao interesado notificóuselle a resolución con data do 14 de outubro de 2020, cando o interesado xa tiña presentada a súa reclamación ante a Comisión da Transparencia de Galicia polo que debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O acceso á información pública está configurado na Lei como un dereito de amplo ámbito obxectivo e subxectivo e, especialmente, o concepto de información pública. O posible obxecto dunha solicitude de información que a Lei consagra é todo contido ou documento que obre en poder dun organismo suxeito á norma que fose obtido ou elaborado no exercicio das súas funcións. O feito de que poida ser obxecto dunha solicitude de acceso á información calquera información que posúa o organismo ou entidade ao que se dirixa a mesma, así como que non sexa necesario motivar a solicitude, xa que non está vinculada á titularidade dun interese por parte do solicitante, fai difícil cando non imposible, subtraer do marco da normativa de transparencia unha solicitude de información que cumpra estas condicións.

Os Tribunais de Xustiza pronunciáronse no senso de que o acceso á información debe recoñecerse con carácter amplo, e así, o Xulgado Central do Contencioso-Administrativo nº 4 de Madrid, en sentenza nº 93/2017, do 17 de xullo de 2017, establece que o artigo 12 da Lei 19/2013 recoñece do dereito de acceso á información pública a todas as persoas, sen distinción.

No presente caso, o interesado remite copia da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno local correspondente o día 4 de abril do 2005, na que se toma coñecemento, entre outros da Resolución do 22 de marzo de 2005 da Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia á que fai referencia o interesado.

A contestación do Concello de Ribadavia non celebrou sesión plenaria con data de 4 de abril de 2005, e que no pleno ordinario de abril de 2005 non hai ningún punto tratado relativo ao que se solicita, non pode admitirse. Os suxeitos obrigados a proporcionar información á cidadanía, deben orientar e asesorar á cidadanía no exercicio do seu dereito de acceso, e no presente caso, está claro que o solicitante cometeu un erro ao referirse a un Pleno do Concello, cando debería terse referido a unha reunión da Xunta de Goberno Local.

Este erro, debeu ser corrixido polo Concello, retrotraendo o expediente e previa audiencia, de conformidade co disposto no artigo 19.3 da Lei 19/2013 ao terceiro interesado que figura no expediente, e previo exame das alegacións que no seu caso poida facer o mesmo, deberá de ser o caso e de forma motivada, realizar a disociación dos datos ou contidos parciais que podan verse afectados de forma clara polos límites legalmente previstos (artigos 14 e 15 da Lei 19/2013), salvo no caso de que despois da ponderación tamén prevista, se comprobe que debe prevalecer o interese público ou privado que xustifique en calquera caso o acceso (art. 14.2 da referida Lei)

O Concello de Ribadavia non resolveu a solicitude de acceso á información do interesado, polo que debe lembrárselle que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Estimar para a retroacción de acordo co disposto no fundamento xurídico quinto desta resolución, a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 28 de Setembro de 2020, contra a desestimación por silencio administrativo de acceso á

Resolución do 22 de marzo de 2005 da Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia incluída na acta do pleno do Concello de Ribadavia do 4 de abril de 2005, en relación ao expediente incoado a [REDACTED] así como todas as actuacións realizadas por ese Concello para dar cumprimento ao establecido na devandita resolución

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:

S6500009C)

Fecha: 2020.11.26 10:45:22 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.